

2024-25

PLAN DE CONVIVENCIA  
CPR TIRSO DE MOLINA



**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

**INDICE**

1. MARCO LEGAL
2. XUSTIFICACIÓN
3. FINALIDADE
4. OBXECTIVOS
5. ANALISE DA SITUACIÓN ACTUAL
6. ACTUACIÓNS
  - 6.1. PROFESORADO
  - 6.2. FAMILIAS
  - 6.3. ALUMNADO
  - 6.4. FORZAS DE SEGURIDADE E SERVIZOS SOCIAIS
7. RECURSOS
8. ANEXOS

## COLEXIO "TIRSODEMOLINA" MERCEDARIOS

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

### 1. MARCO LEGAL

A preocupación social pola conflictividade nas aulas e a necesidade de xestionar de maneira pacífica os conflitos reflíctese cada vez máis na lexislación europea, estatal e autonómica.

O informe á UNESCO da Comisión Internacional sobre Educación para o Século XXI, presidida por Jaques Delors determina como piares da educación: aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a ser e aprender a convivir. Pola súa banda, xa no ano 2010, a Carta de Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa aos estados membros, apunta como obxectivo principal da política educativa unha educación para a cidadanía democrática. Suxírese unha resolución de conflitos non violenta, baseada no respecto dos dereitos individuais e rexeitando todas as formas de discriminación e violencia, en particular, a intimidación e o acoso.

A Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz, menciona no artigo 2: "O Goberno promoverá a inclusión, como contido curricular, de iniciativas de educación para a paz a escala local e nacional." e "O Goberno promoverá a formación especializada de homes e mulleres en técnicas de resolución de conflitos, negociación e mediación". A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), tamén segundo a redacción dada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, recolle a competencia social e cidadá, promovendo a resolución pacífica dos conflitos e fomentando a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Ademais, "proponse o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes" como un dos fins do sistema educativo, e para a súa consecución faise extensivo a todos os niveis educativos e a todos os membros da comunidade escolar. Ademais, un dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria (artigo 23.d) é "fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas 4 súas relacións cos demais, así como rexeitar a

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos".

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa pretende crear e reforzar os instrumentos xurídicos que permitan acadar e manter un clima de convivencia de calidade e que, simultaneamente, dignifiquen a profesión docente. Recolle nos artigos 19 e 20, os programas de habilidades sociais, as aulas de convivencia inclusivas e os procedementos conciliados de resolución de conflitos. Esta lei desenvólvese no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que recolle no Capítulo I a esixencia aos centros educativos de elaborar un plan de convivencia coas súas propias normas de organización e funcionamento, que irá incluído na Programación Xeral Anual. No Capítulo II clasifícanse as condutas contrarias á convivencia e establécense as medidas correctoras, que sempre terán un carácter educativo e recuperador. É ao longo dos artigos 12 ao 17 deste mesmo decreto onde se recollen os aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, actuacións, medidas e programas favorecedores da convivencia e o proceso de seguimento, avaliación, mellora e difusión do plan de convivencia que cada centro debe ter en conta na súa elaboración. O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 6.4 do marco de actuacións destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade recomenda "desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas".

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011, afonda en cuestións de profundo calado, cunha clara vocación proactiva e preventiva, polo que despreza numerosas medidas de organización e funcionamento favorecedoras dunha convivencia harmónica e dun clima escolar positivo. No artigo 12 do citado decreto establécese que un dos obxectivos xerais do plan de convivencia incide en facilitar a prevención, a detección e a eliminación de todas as manifestacións de violencia, sinaladamente o acoso escolar.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)  
[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109  
E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

A Orde de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia recolle, entre outras, a función de informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia.

Un dos eixes principais nos que se vertebra a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 é o Plan integral contra o Acoso e Ciberacoso Escolar en Galicia. Entre os seus compromisos prevé que a consellería con competencias en materia de educación revise e actualice os protocolos de actuación ante un conflito grave con violencia entre o alumnado, coa intención de que se convertan nun instrumento acaído para facilitar a coordinación e a intervención ordenada e orientada a unha resolución colectiva e eficaz dos conflitos.

O presente plan de convivencia non se entende como unha tarefa burocrática, senón que supón a oportunidade de reflexionar conxuntamente sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo: ensinar a convivir e a ser persoa. Para a súa redacción téñense en conta as peculiaridades e necesidades do centro, contando cunha grande participación, xa que unha boa convivencia é unha responsabilidade compartida por todos os membros da comunidade educativa.

## **2. XUSTIFICACIÓN**

Todos nós aprendemos a ser persoas a través da convivencia cos demais e esa aprendizaxe debe desenvolverse nun entorno de pluralidade.

O Plan de Convivencia do noso Colexio ten como principio promover e desenvolver actuacións encamiñadas á mellora da convivencia. Pretendemos con este plan desenvolver adecuadamente as relacións entre todos os compoñentes da nosa comunidade educativa, a súa implicación e a súa participación.

Priorizaremos naquelas actuacións preventivas destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas precisas para a convivencia pacífica e respectuosa. Para iso utilizaremos o plan de

# COLEXIO“TIRSODEMOLINA” MERCEDARIOS

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

acción tutorial, o Observatorio de convivencia do centro, reunións periódicas cos titores, equipo directivo, departamento de orientación, familias, delegados etc. segundo proceda, entre outras accións, para a súa divulgación e interiorización.

No noso plan de convivencia pretendemos implicar a todos os sectores da comunidade educativa (profesorado, familias, servizos sociais, alumnado etc) para a súa aplicación, difusión e seguimento de dito plan.

### 3. FINALIDADE

A finalidade do Plan de Convivencia é favorecer propostas educativas que axuden a:

- a) Conseguir a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e exercitar a tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- b) Prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, partindo dunha concepción do conflito como un proceso natural que se desencadea a partir da contraposición de intereses e que é necesario para o desenvolvemento psicosocial dos individuos.
- c) Sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia da convivencia positiva.

### 4. OBXECTIVOS

Os obxectivos do Plan van na liña de atención de todos e cada un dos sectores da Comunidade Educativa coa intención de motivar ao profesorado, alumnos/as e familias sobre a importancia de crear un bo clima de convivencia no centro.

- a) Educar nos principios de convivencia pacífica e nos valores democráticos (solidariedade, tolerancia, participación, igualdade e respecto) para avanzar na formación dunha cidadanía crítica e responsable.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- b) Fomentar os valores, as actividades e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade.
- c) Fomentar o diálogo como factor favorecedor da prevención e resolución pacífica de conflito implicando a todos os sectores da comunidade educativa.
- d) Previr situacións de violencia e agresividade entre os membros da Comunidade Educativa.
- e) Impulsar relacións fluídas e respectuosas entre os distintos sectores da Comunidade Educativa favorecendo a cooperación.
- f) Difundir as normas básicas do RRI do centro, así como as razóns das mesmas e as medidas correctoras polo seu incumprimento tanto entre o alumnado como entre as familias.
- g) Fomentar a mediación como ferramenta para a resolución de conflitos.
- h) Propiciar un bo clima de convivencia.
- i) Mellorar a acción titorial.
- j) Coñecer estratexias para a prevención de condutas disruptivas.

## **5. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL NO CENTRO**

Traballamos nun centro que imparte ensino de Educación infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato. Estamos ubicados no centro histórico do concello de Ferrol (rúa Arce S/N). Na actualidade contamos con dúas liñas en tódolos cursos, excepto en 1º e 2º de Bacharelato que son tres.

Com respecto ó cadro de persoal, o centro conta con:

- Profesores: 47
- Persoal administrativo e de servizos: 4
-

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- Alumnos: 706

Os alumnos quedan divididos do seguinte xeito:

- Educación Infantil: 112 alumnos.
- Educación Primaria: 230 alumnos.
- Educación Secundaria Obrigatoria: 224 alumnos.
- Bacharelato: 140 alumnos.

## **6. ACTUACIÓNS**

É evidente que para lograr unha mellora da convivencia no centro, precísase da participación e implicación de todos os membros da comunidade educativa, de xeito que, partindo do traballo diario se desenvolvan actuacións específicas en beneficio da mesma. Dacordo con isto determinaranse actuacións para o profesorado, familias e alumnado.



**ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA CÓ PROFESORADO**

<b>TIPO</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>METODOLOXÍA</b>	<b>RESPONSABILIDADE</b>	<b>TEMPORAL</b>	<b>RECURSOS</b>
<b>Organizativa</b>	Plan de acollida ao profesorado. Entrega RRI e documentación necesaria con aspectos peculiares do centro	Reunión Claustro	Equipo directivo	Setembro	Guión de acollida Materiais PAT Planos etc
<b>Organizativa</b>	Seguimento semanal de: comportamento, asistencia a clase, rendemento escolar etc.	Atención Personalizada	Titores	Todo o curso	Documentación oficial do centro Horario TP e TA Protocolo de absentismo
<b>Organizativa</b>	Reunión da comisión de convivencia, análise de incidentes e adopción de medidas	Reunión	Membros da comisión	Todo o curso	Documentación precisa: rexistro de acordos etc
<b>Prevenición</b>	Explicación ao profesorado de normas de convivencia, funcionamento das gardas, instalacións do centro etc	Reunión	Xefe de Estudos	Setembro	Documentación precisa elaborada por xefatura
<b>Prevenición</b>	Entrega de estratexias de	Reunión e entrega	Dept. de Orientación e	1ª semana de	Guión de estratexias

**COLEXIO "TIRSODEMOLINA"**  
**MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

	prevención de condutas disruptivas	de correos electrónicos	membros da Comisión	Outubro	
--	------------------------------------	-------------------------	---------------------	---------	--

**ACTUACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA CÓ PROFESORADO**

TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPORAL	RECURSOS
<b>Prevención</b>	Impulsar aos departamentos a realización e deseño de actividades que melloren a convivencia e o clima na aula	Comunicación ós Dept. para ter en conta nas programacións	Xefe de estudos e Xefes de Departamentos	Setembro	Material escolar e audiovisual
<b>Prevención</b>	Elaboración de normas no centro e na aula	Traballo en grupos de profesores de aula	Dept. Orientación Tutores e profesores	Outubro e Novembro	Aulas e Taboleiro de anuncios
<b>Intervención destinada ás familias, alumnado e profesorado</b>	Posta en marcha da aula de convivencia*	Difusión	Xefe de estudos Dept. de Orientación e profesores	Todo o curso	Espacio físico e pautas de actuación
<b>Intervención</b>	Identificar e detectar casos de	Seguimento a través	Todo o profesorado e	Todo o curso	Protocolo de

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)  
[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109  
E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

	acoso escolar	de reunión de titores	Dept. de Orientación		actuación ante o acoso escolar
<b>Intervención</b>	Medidas correctoras do RRI, ante conductas contrarias á convivencia	Reunión do Xefe de Estudos cós titores	Xefe de estudos e Director	Todo o curso	RRI

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

**ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA COAS FAMILIAS**

<b>TIPO</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>METODOLOXÍA</b>	<b>RESPONSABILIDADE</b>	<b>TEMPORAL</b>	<b>RECURSOS</b>
Prevenición	Informar ás familias sobre o funcionamento do centro, normas etc	Reunión ao comezo do curso	Equipo directivo e titores	1º trimestre	Guión titores Pautas para as familias de estratexias de actuación ante condutas disruptivas
Prevenición	Entrevistas coa familia para informar sobre o/a alumno/a de maneira individual, en aspectos académicos, conductuais etc	Reunións individuais	Dept. de orientación e titores	Todo o curso	Segundo proceda
Prevenición		Entrevistas	Orientador	Todo o curso	Segundo proceda

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

	Pautas para as familias en resolución de conflitos e ante a problemática do alumno/a				
Intervención	Reunión da comisión de convivencia cando proceda	Seguimento a través de reunión de titores			
ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA CÓ ALUMNADO					
TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPORAL	RECURSOS
Prevención	Plan de acollida ao alumnado de novo ingreso(información do funcionamento do centro) Visita ao centro educativo	Recibimento no salón de actos	Equipo directivo e Dept. Orientación	Antes do comezo de curso	Guía de benvida instituto(normas, estrutura da ESO etc)
Prevención	Difusión do RRI Consensuar normas na aula	Grupos de traballo	Titores	Setembro	RRI Guía do clima de clase Murais
Prevención	Xornadas de acollida ao novo curso escolar a todo o	Recibimento no salón de actos e	Titores e equipo directivo	Setembro	Guión para os titores de aspectos a tratar

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

	alumnado	despois acompañamento por parte dos titores			
Prevención	Diferentes actividades de orientación académica- profesional	Dept. Orientación entrevista individual Hora de titoría	Titores e orientador	Xuño e Setembro	Os recollidos no plan de orientación académica profesional

**ACTUACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA CÓ ALUMNADO**

<b>TIPO</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>METODOLOXÍA</b>	<b>RESPONSABILIDADE</b>	<b>TEMPORAL</b>	<b>RECURSOS</b>
<b>Prevención</b>	Reunión con departamento de orientación de primaria para obter información de alumnos/as en situación desfavorecida ou discapacidades.	Desprazamento a centros de primaria para reunión con orientadores e profesores	Orientador	Xuño-Setembro	Folla de recollida de datos
<b>Prevención</b>	Torneos deportivos na hora de lecer	Participativa	Dept. de educación física	Todo o curso	Os precisos para cada deporte

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

<b>Prevención</b>	Actividades propostas pola xunta de delegados	Reunión cós delegados	Dirección, Orientador e Xefe Estudos	Todo o curso	Os precisos
<b>Prevención</b>	Diferentes actividades de educación en valores na área de educación para a cidadanía	Participativa	Profesores	Todo o curso	Guía de educación en valores Medios audiovisuais

**COLEXIO "TIRSODEMOLINA"  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA CÓ ALUMNADO					
TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPORAL	RECURSOS
Prevenición	Taller de habilidades sociais na aula de convivencia	Grupal-individual	Orientador	Todo o curso	Diferentes actividades de dilemas morais, pautas para habilidades sociais cuestionarios
Prevenición	Taller de prevención de violencia de xénero	Grupos de traballo	Titores e Dept. Orientación	Todo o curso	Recursos materiais elaborados para ditos talleres
Prevenición	Taller de educación para a saúde e prevención de drogodependencias	Reunión cós delegados	Titores e Dept. Orientación	Todo o curso	Guía de actividades de prevención Cuadernillos de alumnos/as etc.



**COLEXIO "TIRSODEMOLINA"  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

Prevención	Ciclo de cine: visualización de tres películas no auditorio do concello	Participativa	Titores	Unha vez ó mes	Cuadernillo do profesorado e do alumnado
ACTUACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA CÓ ALUMNADO					
TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPORAL	RECURSOS
Prevención	Dinámicas de grupos, resolución de problemas, dilemas morais etc con diferentes temáticas	Grupal-individual	Titores e Dept. Orientación	Todo o curso	Os recollidos no plan de acción titorial
Prevención	Taller de sexualidade	Debates grupais	Titores e Quérote	Todo o curso	Materias recollidas no programa de sexualidade
Prevención	Análise de textos que versen sobre a violencia e a paz	Debates grupais	Diferentes dept.	Todo o curso	Fotocopias de diferentes textos adaptados a idade do alumnado
Prevención		Dinámicas	Dept. Orientación	Segundo Trimestre	Material Didáctico

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

	Obradoiro de Resolución de conflitos	participativas			
--	--------------------------------------	----------------	--	--	--

**ACTUACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA CÓ ALUMNADO**

TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPORAL	RECURSOS
<b>Prevención</b>	Proxección de películas para fomentar a mellora da convivencia	Gran grupo no salón de actos do centro	Coordinadora de convivencia Orientación	Unha por trimestre	DVD Guión+debate
<b>Prevención</b>	Exposición de murais no vestíbulo, pasillos do centro educativo, aulas, todos elaborados polo alumnado con diferentes temas	Creativa	Educación plásticas Depart. Orientación Equipo directivo titores	Todo o curso	Espacio físico e paneis
<b>Intervención</b>	Análise de condutas de alumnos/as e intervención	Entrevista individual	Dept. Orientación	Todo o curso	Axendas persoais Rexistros de condutas Diarios

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

	na modificación de ditas condutas				Guión de Pautas de modificación de condutas
--	-----------------------------------	--	--	--	---

**ACTUACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA FORZAS DA ORDE**

<b>TIPO</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>METODOLOXÍA</b>	<b>RESPONSABILIDADE</b>	<b>TEMPORAL</b>	<b>RECURSOS</b>
<b>Prevención</b>	Charlas sobre temática diversa: acoso escolar, internet, etc	Informativa	Garda Civil e Policía Nacional	Todo o curso	Plan Director
<b>Prevención</b>	Visitas polos arredores do centro educativo na hora de lecer	Participativa	Titores	Todo o curso	Non constan
<b>Intervención</b>	Comunicar ás forzas de seguridade de roubo de materiais do centro, etc	Participativa	Policía Nacional e equipo directivo	Todo o curso	Non constan

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rua Arce s/n 15401 Ferrol (A Coruña)  
[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109  
E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

<b>Intervención</b>	Comunicación con servizos sociais ante unha situación de absentismo escolar	Reunións	Orientador e equipo directivo	Todo o curso	Protocolo Absentismo
<b>Intervención</b>	Comunicación fluída con servizos sociais	Reunións	Orientador e Servizos Sociais	Todo o curso	Ficha de recollida de datos

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

## **7. RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS**

a) **Recursos humanos:** todos os membros da comunidade educativa (pais/nais, profesorado , alumnado, persoal non docente, departamento de orientación), servizos sociais do concello ,forzas de seguridade, observatorio de convivencia, etc.

b) **Recursos materiais:**

- a. Materiais elaborados que se encontran nos Anexos (Plans de acollida , Programa de habilidades sociais,...)
- b. Materiais elaborados no D. de Orientación para as titorías (dinámicas de grupos, resolución de conflitos, dilemas morais, etc).
- c. N.O.F.
- d. Páxinas Web da consellería de Educación:

- [Plan valora: traballa educación para a paz, igualdade, o lecer, etc:](#)
- [Plan de convivencia escolar: ofréceselle á comunidade educativa materiais e recursos que axuden no traballo escolar](#)
- [Portal de convivencia \(MEC\):](#)
- [Seminario galego Educación para a paz:](#)
- [Educación en valores: convivencia:](#)
  - e. Protocolos da Consellería de Educación:
- [Urxencias Sanitarias:](#)
- [Atención Educativa Domiciliaria:](#)
- [Identidade de Xénero:](#)
- [Prevención, detección e intervención do risco suicida:](#)
- [Estratexia galega de convivencia escolar 2025](#)

Ferrol, 22 de Xullo de 2024

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

RúaArces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail:[secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

# **ANEXOS**

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

## **ANEXO I: ESTRATEXIAS PARA A PREVENCIÓN DE CONDUCTAS DISRUPTIVAS**

O conflito é parte inevitable do proceso de desenvolvemento de calquera grupo social de ser humano. O importante é ser **capaz de “tratar os conflitos de forma educativa”** para que o alumnado aprenda a resolvelos de forma construtiva. Intentar que no centro ou nunha clase haxa unha calma continua é, evadirse da realidade.

Promover convivencia e afrontar os conflitos implica a toda a comunidade educativa. O profesorado ten que encontrar ese equilibrio que lle permita conxugar o desenvolvemento persoal e o do alumnado coa instrución. Sen un mínimo de educación non pode haber instrución.

Os conflitos, ás veces, non poden resolverse, só conterse ou atenuarse, pero iso non significa que non nos impliquemos na nosa tarefa como educadores. Temos que intentalo non só polo alumnado, senón tamén por nós.

### **Que facer para previr a disrupción e os conflitos?**

Non hai receitas máxicas que funcionen en todos os casos para solucionar os problemas. Como consecuencia, temos que ir probando as estratexias que dun xeito sistemático se consideren máis eficaces.

#### **1) Actitudes básicas:**

+Coñecemento persoal do alumnado

+Acción tutorial:

- Coñecemento do titorando
- Entrevista co alumnado
- Entrevista coas familias

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- Ao comezo do curso o/a titor/a buscará consensuar normas básicas de comportamento, claras e concisas. Elaborar tamén as consecuencias do incumprimento das mesmas e as recompensas polo bo comportamento
- + A conduta do profesorado ten que ter consistencia. Así o docente vaise facendo “fiable” para o alumnado.
- + O modelado do profesorado: é importante o autocontrol, evitando altibaixos, ironías, agresividade, ansiedade...
- + Estratexias que melloran a conduta do alumnado:
  - \* Conversación particular
  - \* Recoñecemento de que o/a alumno/a está mellorando
  - \* Eloxio público, corrección privada
- + Procedementos que tenden a empeorar a conduta:
  - \* Manifestación pública de que o/a alumno/a está empeorando
  - \* Sarcasmo público ou privado
  - \* Recriminación pública reiterada
- + Autoridade do profesorado, mellor que autoritarismo. Co autoritarismo pódese “*vencer pero non convencer*”. Convén dar razóns de todo.
- + Para mellorar o proceso ensinanza-aprendizaxe a relación entre profesor/a e alumno/a debe ser positiva: “Non estou contra vós, senón con vós, quero que aprendades, preocúpame que non o fagades”.
- + Coidar a “ecoloxía da clase”. O alumnado pasa 6 horas seguidas nunha aula “despersonalizada” coa que se sente pouco identificado. En vez de preocuparnos por evitar o moito que a deteriora, convén darlle a volta ao problema, é dicir, facer que se sinta “ORGULLOSO DA SÚA AULA” para que a coide. Pode decorala poñendo debuxos coas normas da aula, traballos...



**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

## **2) Formas de plantexar as clases para previr a disrupción**

As condutas disruptivas (condutas inapropiadas de alumnos/as que “obstaculizan” a “marcha normal” da clase) dificultan a aprendizaxe e as relacións interpersoais. Acostuman a darse en alumnos/as que queren “chamara atención” e que teñen problema de carencia de normas, afecto e rendemento académico.

Preparar as clases con intención de interesar, **motivar**. A falta de motivación é unha das variables clave no proceso de aprendizaxe, pois é o que provoca a maior parte das situacións de **fracaso escolar** e como consecuencia condutas disruptivas. A motivación non xorde espontaneamente en niveis obrigatorios do ensino, senón que a maioría das veces ten que ser inducida polo profesorado mediante o uso de **estratexias**:

### **A) Favorecer o interese pola materia.**

#### **1) Encanto a contidos:**

- + Deben ser adaptados en función dos intereses e capacidades do alumnado
- + Seleccionar contidos que resulten útiles para o alumnado e próximos á realidade
- + Conectar os novos contidos co que saben
- + Presentar os contidos en forma de interrogante, ou problema a resolver, pedindo información ao alumnado
- + Plantexar hipótesis e averiguar as consecuencias das mesmas
- + Facer explícita a importancia do tema desde a óptica do alumnado
- + Proceder por pequenos pasos con alumnos/as con dificultades
- + Salientar os puntos fundamentais mediante esquemas, resumos, guións...

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- +Dar exemplos e aclaracións aos conceptos confusos
- +Utilizar recursos, materiais varios, internet, prensa...
- +Abordar contidos de forma interdisciplinar que permitan ter unha visión global desde diferentes perspectivas
- +Establecer debates, conversacións informais, buscar a participación que aínda que non teña que ver cos contidos, serven para unha formación integral do alumnado
- +Intercalar nas explicacións, preguntas para recuperar e comprobar o grao de comprensión. Tamén poden servir para completar información, insistir en aspectos que non quedaron claros, ampliar ou reforzar outros, etc.

**2) Encanto á metodoloxía e ás actividades:**

- +Utilizar métodos e actividades variadas que lles sexan comprensibles
- + Ter preparados materiais e actividades para atender á diversidade dunha forma simple. Exercicios adicionais para os máis “rápidos”, fichas de traballo de menor nivel para os máis lentos, etc.
- + Axuda entre compañeiros. O que acabe antes pode ir axudando ao compañeiro ou compañeira, usando a aprendizaxe cooperativa. O ideal é facer parellas de agrupamentos baseados na tarefa, onde estean alumnos/as de diferentes capacidades. Os agrupamentos convén cambialos periodicamente, para que non se enquisten comportamentos. Estes cambios prevén o “maltrato entre iguais”
- +Dar participación e responsabilidade ao alumnado.

**B) “Abrir portas”.** Se o/a profesor/a nos primeiros días de clase salienta que todo o alumnado ten posibilidades de superar a materia e que o que se lle pide é: esforzo, traballo habitual, actitude de participación e boa convivencia. Se saben que isto será valorado, está abrindo as posibilidades de ter éxito facendo máis probable o “enganche” do alumnado.

**C) Difundir os obxectivos con claridade e insistencia.** O alumnado debe saber que se espera del.

**COLEXIO“TIRSO DEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

**D)** Os criterios de avaliación deben reflexar a consecución ou non dos obxectivos plantexados. Cando o/a profesor/a se centra só en criterios académicos e estes son vistos polo alumnado como algo que requireun esforzo “desmesurado”, prodúcese o “desenganche”.

**E)** Fomentar a **autoestima**:

- +Eloxiar sempre que haxa ocasión.
- +Corrixir os erros de forma construtiva e dando alternativas.
- +Estimular a consecución do éxito, valorando o esforzo.
- +Mostrar interese polas súas cousas.
- +Axudarlle a propoñer metas realistas, non crear expectativas inalcanzables.
- +Evitar facer comparacións, especialmente cos irmáns,
- +Facer llevar as súas propias cualidades e valores.
- +Axudarlle a recoñecer, aceptar e superar as súas dificultades.
- + Que saiba que ninguén é perfecto e que todo se pode mellorar.

### **Como responder a os comportamentos disruptivos?**

- Previr os problemas:

\* O profesorado ten que ser consciente de que para impartir a súa materia ten que ser “supervisor”. A supervisión silenciosa prevé posibles incidentes e axuda a exercer unha autoridade. Por exemplo, unha mirada penetrante pode servir máis de contención que unha chamada de atención verbal.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- \* Utilizar distintos movementos dentro do espazo da aula. Pasear, vixiar e axudar ao que presenta dificultades na materia.
- \* Utilizar xestos, miradas, dar un pequeno toque ou facer unha invitación a participar.
- Ignorar, na medida do posible, os comportamentos pouco problemáticos (efecto “extinción”) para non interromper continuamente o ritmo da clase. É preferible centrar a atención canto antes na tarefa, no que se está a facer e/ou facer alusión ás normas, aos dereitos, non aos individuos.
- Reforzar as condutas alternativas e positivas. En canto a conduta, disruptiva se aproxime á conduta desexada, prestarlle atención e reforzala positivamente.
- O “alumno/a mole” hai que intentar “engachalo/a” con algunha actividade dentro das súas posibilidades.
- Pedir desculpas ante os erros, recoñecer que a autoridade non é invulnerable ante o erro.
- Ser asertivo/a pero non agresivo.
- Se hai que chamar á orde:
  - \* Utilizar tanto xestos verbais (citar o nome do que está a molestar) como non verbais (mirar ao que interrompe, achegarse, tomar nota mirando para o/a que fala).
  - \* Ter en conta a **motivación** do alumnado disruptivo. A maioría só quere chamar á atención. Non se debe prestar esa atención cando está “disruptivo”, senón cando está “ben”. Por iso, é conveniente illalo da situación que o reforce, cambiándoo de sitio e cesar o illamento cando cese a súa conduta negativa (sen comentar o conflito).
  - \* Non entrar no “xogo” de poder dos/das alumnos/as disruptivos/as. Convén non “cebarse” e escalar o conflito (moitos/as alumnos/as poñeranse da súa parte polo momento evolutivo propio da idade, por ser un igual). Impoñer a autoridade con asertividade (recorrendo aos dereitos dos demais, ás normas...) e quedar para falar con el/ela.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

persoalmente despois da clase. As reprimendas en privado, a miúdo, son moito máis eficaces que as chamadas de atención en público.

- \* Gañarse con diálogo e pactos aos “líderes negativos” o “resto” entrará en razón se o axente principal é controlado.
- \* Non olvidar ao resto do alumnado cando se está atendendo ao alumno/a con mal comportamento porque, moitas veces é o que pretende
- \* Intentar non falar de “castigos” se non das consecuencias naturais das accións.
- \* Os comentarios correctores deben referirse a algún ou algunha en concreto, non a todos/as á vez. Ser claros e directos. Referirse máis ás accións que aos “actores”. Dar explicacións dirixidas á tarefa, ás normas, en vez de dar consideracións persoais (criticando comportamentos e non á persoa). Intentar non referirse a incidentes anteriores e non facer comparacións (irmáns ou irmás, compañeiros/as). Reprender con firmeza e tranquilidade.
- \* Ás veces pode funcionar a presión do grupo: “ata que X non queira, non podemos comezar...Queredes dicirle que non está respetando os dereitos dos que estamos aquí?”
- \* Mentres se está corrixindo, intentar inferir o acordo do individuo a media que se fai a corrección
- \* Procurar non ser inflexible. O alumnado entende as expectativas do profesorado se se lles explica
- \* Se se produce unha confrontación, intentar manter un ton de voz medio, tranquilo e seguro. Unha postura relaxada, serena e non sinalar co dedo.
- \* Evitar, no posible, o castigo colectivo dunha clase ou un grupo.
- \* Non podemos expulsar a ningún alumno/a da aula.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

## **ANEXO II: PROGRAMA DE ENTRENAMIENTO EN HABILIDADES SOCIAIS.**

### **DESTINATARIOS**

Adolescentes entre 12-18 anos do CPR Tirso de Molina. Dito programa será levado a cabo en varias sesións segundo sexa preciso. En canto á posta en marcha de dito programa impartirase nas horas de titoría co grupo correspondente así como na aula de convivencia a nivel individual e grupal.

### **OBXECTIVOS:**

- ★ Mellorar o clima social na aula e no centro.
- ★ Incrementar no alumnado a autoestima, os valores e carencias perdidas nesta sociedade de consumo, violencia e competencia.
- ★ Deliberar e decidir de forma responsable sobre as propias accións, valorando as actitudes positivas que facilitan a convivencia e o traballo en común.
- ★ Actuar con responsabilidade, valorando as consecuencias das accións propias e desenvolvendo actitudes de respecto e solidariedade cara os demais.
- ★ Analizar obxectivamente o comportamento propio e alieo, valorando os aspectos positivos e establecendo metas persoais que favorezan o enriquecemento intelectual, afectivo e social.
- ★ Coñecer e usar unha ampla gama de recursos para exercitar a asertividade e resolver posibles conflitos, respectando os dereitos, a autoestima e as aspiracións dos demais persoas.
- ★ Actuar asertivamente en situacións de conflito, mantendo a pertenza, aprezo e influencia no grupo social, sen renunciar por iso as propias conviccións.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

RúaArces/n15401–FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail:[secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

## **CONTIDOS**

Antes de levar a intervención farase unha previa avaliación inicial tendo como punto de partida o que son as habilidades sociais, para que serven eos obxectivos que nos plantexamos.

### **BLOQUE 1. HABILIDADES PARA A CONVIVENCIA.**

#### **1. Habilidades que facilitan a convivencia**

- Habilidades non verbais: postura, miradas, xestos, tics, idioma corporaletc. Que se está dicindo?
- Presentarse e presentar a outras persoas.
- Iniciar e manter unha conversa.
- escoitar e facer preguntas.Dar e recibir opinión agradables. Expresar agradecemento.
- Pedir favores, participar en actividades de grupo.
- Convenceros demais.

#### **2. Normas e convencións que fan máis fácil a convivencia.**

- Dereitos e deberes dun mesmo e dos demais.
- Acordos e decisións colectivas.
- Normas de hixiene e coidado persoal.
- Coidado do entorno e aprezo do propio.
- Convivencia familiar e desenvolvemento persoal.

### **BLOQUE 2. HABILIDADES PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.**

Aparecen recollidos neste bloque contidos referidos a cómo resolver conflitos, evitando as confrontacións.

As disfuncións que xorden na convivencia non deben considerarse como algo determinante, por ende cabe actuar sobre elas de modo que se mitigue o seu efecto

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

ou, polo menos, se evite a evolución cara situacións deterioradas e de difícil solución. Trátase de desenvolver no alumnado as capacidades que lle permita valorar as distintas situacións que se presentan e responder de forma adecuada, evitando comportamentos irreflexivos. Deste modo, nas relacións manifestarán respecto e tolerancia, enfocarán os seus problemas cos demais sen poñer en perigo a amizade, comprenderán mellor aos demais e serán comprendidos, farán que os demais os respecten, etc.

**1. Habilidades para previr conflitos:**

- Identificar e analizar problemas.
- Manexar alternativas posibles e viables.
- Evitar no posible problemas de convivencia.
- Mostrar autocontrol e serenidade.
- Negociar e chegar a acordos.
- Admitir os propios erros e desculparse.
- Recoñecer os valores positivos dos demais.
- Propoñer solucións razoables.

**2. Habilidades para a conduta asertiva:**

- Formular unha queixa. Responder a unha queixa.
- Facer fronte as presións do grupo.
- Enfrontarse a mensaxes contraditorias, aínda que sexán mensaxes persuasivas.
- Responder ao fracaso.
- Responder a unha acusación.
- Zanzar unha discusión. Evitala.
- Pedir un favor.
- Adoptar actitudes positivas cando é “deixa do delado”, evitando o resentimento.



**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

**3. Habilidades relacionadas con sentimientos:**

- Facer fronte a o enfado doutro.
- Evitar a influencia do medo nas decisións.
- Comprender os sentimentos dos demais.
- Expresar os propios sentimentos. Expresar afecto.

**4. Habilidades relacionadas coa resolución de conflitos:**

- Momentos e situacións en que se plantexan conflitos.
- Aspectos afectivos e motivacionais nos conflitos.
- Control persoal ante situacións conflictivas.

**BLOQUE 3. HABILIDADES PARA A TOMA DE DECISIONS**

Neste bloque especifícanse contidos que fomentan e enriquecen a toma de decisións persoais.

Os alumnos poden aprender a tomar decisións de forma que lles evite eleccións precipitadas e impulsivas ou deliberacións prolongadas indefinidamente. Pódese axudar ao alumnado a aceptar os riscos que conleven as decisións, xa que poden non gustar a todos, ou deixar de lado opcións atraíntes, ou ben deixarse levar por unha decisión non pensada e precipitada.

**Habilidades que facilitan a toma de decisións:**

- Discernir entre posibles alternativas.
- Avaliar as posibles consecuencias.
- Actuar de acordó á elección tomada.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- Analizar e valorar a información.
- Expoñer e defender os dereitos propios.

**Factores implicados na toma de decisións e na súa posta en práctica:**

- A autoestima e a confianza nas propias capacidades.
- Momentos e situación nas que hai que tomar decisións.
- A avaliación do risco e das consecuencias.
- A responsabilidade ante a selección e decisións.
- O autoconhecimento e a toma de decisións.
- A eficacia persoal en situacións sociais.
- Os motivos para a acción e os valores persoais.

**METODOLOXÍA:**

- Todas as actividades trátanse con diferentes técnicas. As máis utilizadas serán:
- Dinámicas de grupos: remuíño de ideas, debates, xogos.
- Técnicas de modificación de conduta: modelado, *roleplaying*.
- Instrucción e aleccionamento.
- Técnicas de avaliación inicial e final: test, cuestionarios... .
- A metodoloxía que se vai utilizar para traballar as habilidades sociais é a seguinte:

**1. Presentación da habilidade.**

Cada actividade comeza presentando a habilidade social que se vai traballar. Tal presentación cumpre unha dobre función para o alumnado: sérvelle demotivación, xa que ve a necesidade e vantaxe que aporta o dominio desa habilidade e, por outra parte, comprende o contido desta, é dicir, percíbea racionalmente.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

**2. Contextualización da habilidade**

Con algunhas propostas didácticas, os alumnos e alumnas van relacionando a habilidade coa súa vida, descubren situacións e experiencias nas que se pode poñer en práctica, pensan sobre os factores implicados nela.

**3. Comprensión da secuencia**

A aprendizaxe dunha habilidade facilítase cando se presenta o/a alumno/a unha secuencia de accións implicadas nela. Mediante propostas de traballo conseguírase que os/as alumnos/as descubran os pasos que favorecen a competencia do alumno ou alumna nese aspecto traballado.

**4. Exercitar a habilidade de forma simulada**

Ata este momento fíxose un achegamento cognitivo da habilidade que se está traballando. O/a alumno/a deberá exercitar a habilidade social mediante a simulación, a dramatización ou representación de escenas nas que os actores representan personaxes involucrados en situacións que requiren o uso da habilidade traballada para solventar con éxito a situación.

**5. Reflexionar sobre a representación**

En toda simulación hai normalmente unha persoa non involucrada que fai de observador externo. Pois ben, o contraste entre os actores e o observador, o intercambio de puntos de vista e os comentarios conxuntos axudan a profundizar na habilidade e permiten contrastar os aspectos teóricos tratados coa práctica da habilidade.

**6. Avaliación do dominio da habilidade**

Para rematar a actividade con que se traballa unha habilidade social, os/as alumnos/as autoavalíanse, consideran cal é a súa competencia nese campo.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

**AVALIACIÓN**

A programación deberá adecuarse a realidade do grupo e as súas necesidades. De aí que conveña dedicar as primeiras sesións a realizar unha avaliación inicial que axude a concretar e adaptar mellor a programación.

Así como unha vez realizada a programación atendendo ao problema que plantexa o grupo, levarase a cabo unha avaliación final facendo unha valoración dos resultados negativos e positivos obtidos e posibles modificacións.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

## **ANEXO III: PROTOCOLO DA MEDIACIÓN ESCOLAR**

### **XUSTIFICACIÓN**

Aprender a resolver conflitos desde pequenos é unha das tarefas máis atractivas que nos depara a vida. Descubrir que temos conflitos, pero que, non por iso estamos condenados á violencia, é unha das aprendizaxes que, sen dúbida, máis impacto pode ter nas nosas vidas. O conflito pode ser un proceso destrutivo ou positivo dependendo fundamentalmente de como o encaren as partes enfrontadas. Esa é a importancia de adestrarmos nas estratexias non violentas de resolución.

Un dos métodos de resolución non violenta de conflitos é a mediación, que ten que aplicarse cando a negociación directa entre as partes en conflito fracasou ou está cortocircuitada por diversas razóns. A mediación consiste na intervención dunha terceira parte, allea e imparcial ao conflito, aceptada polos disputantes e sen poder de decisión sobre os mesmos, co obxectivo de facilitar que as partes en litixio cheguen por si mesmas a un acordo por medio do diálogo. O mediador ou mediadora, como dicimos, non ten poder para impoñer unha solución senón que son os litigantes os que preservan o control, tanto do proceso como do resultado.

Igualmente é importante sinalar que a intervención do/da mediador/a debe ser aceptada por ambas partes. As mediacións forzadas ou impostas teñen escasas probabilidades de ser exitosas. Outra condición esencial é que o mediador ou mediadora debe garantir absoluta confidencialidade do que se fale no proceso da mediación e manter unha posición de imparcialidade (non pode tomar partido por ningunha das partes en conflito). Son dúas características fundamentais que deben cumprir os mediadores ou mediadoras. Ademais de las, unha dose de valentía, dinamismo, paciencia, saber crear ambiente para o diálogo, mostrar preocupación polos demais, dar esperanza, etc., axudarán ao éxito do

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

proceso mediador.

**CARACTERÍSTICAS DIFERENCIAIS DA MEDIACIÓN**

- **Voluntariedade** das partes.
- **Esforzo** das partes por comunicarse, comprenderse e chegar a acordos.
- Participación dunha **terceira persoa**, neutral.
- O **mediador ou mediadora non propón solucións** (é máis, debe estar alerta para non facelo) **nin xulga**, só axuda nun proceso en que as partes en conflito son as protagonistas.
- Malia a esixencia de neutralidade o mediador ou mediadora debe **asegurar o equilibrio de poder**, por exemplo, cando as partes son un alumno ou alumna e un profesor ou profesora.
- É unha fase previa á mediación que ten como obxectivo crear as condicións que permitan o proceso de mediación. Realízase con cada parte por separado.

**ACTUACIÓNS PARA LEVARA CABO A MEDIACIÓN**

- ★ **Presentación e explicación das regras e compromisos** que supón solicitar a mediación.
- ★ Axudar a que cada parte conte a súa “versión” do conflito. Este proceso é o que chaman “**cóntame**”. Permite a expresión e “desafogo” das emocións negativas acumuladas.
- ★ **Un proceso de resolución pacífica de conflitos no que unha terceira persoa neutral (o/ a mediador/a) axuda ás partes en conflito a atopar unha solución que satisfaga a ámbalas partes.**

## COLEXIO“TIRSODEMOLINA” MERCEDARIOS

Rúa Arces/n15401-FERROL  
[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109  
E-mail:[secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- ★ É útil para os/as mediadores/as **anotar** ou mesmo transcribir literalmente **o que está a contar**. Esta información será necesaria para facer unha análise previa do conflito.
- ★ Realízase xa coas dúas partes xunto comediador/a.
- ★ Pode desenvolverse nunha soa sesión ou en máis, segundo a evolución do proceso de mediación.

### COMO LEVAR A CABO DITAS ACTUACIÓNS

- **Presentación e regras de xogo**

Os mediadores/as fan as presentacións persoais e explican brevemente como vai ser o proceso. Lembran a confidencialidade e as normas básicas de respecto cara ao outro e cara aos mediadores.

- **“Cóntame”**

Houbo xa un “cóntame” na premediación e agora trátase de relatar e falar de sentimentos diante da outra parte. O respecto é fundamental. O mediador debe crear un ambiente positivo e controlar de qué forma se expresan as partes. Utilizará técnicas de escoita activa para explorar e obter datos sobre o problema, facer aflorar os temas importantes no conflito. Terá coidado de non valorar, aconsellar ou xulgar. Recoñecer sentimentos e respectar silencios. Convén que un dos mediadores recolla por escrito toda a información que vaia saíndo.

- **Aclarar o problema**

Trátase agora de identificar en que consiste o conflito. O/a mediador/a buscará unha expresión do conflito en que este ande acordó ámbalas partes. Intentará que esa expresión recolla os intereses e necesidades que poidan estar subxacentes.

- **Propoñer solucións**

As protagonistas son as partes. O/a mediador/a **debe ter coidado con propoñer solucións** (ao principio téndese moito a facer isto).

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

As súas **actuacións** son outras:

Propoñer a realización dunha chuvia de ideas.

Preguntar a cada parte que necesita, que está disposto a facer e que lle pide ao outro.

Axudar a avaliar as vantaxes e inconvenientes de cada proposta. Preguntar sobre o acordo ou non coas propostas.

Pode ocorrer que nesta sesión non se xeren alternativas de solución e se decida convocar unha nova reunión. Xa na fase de premediación se lle pode indicar ás partes pensando en alternativas de solución.

- **“Chegar a un acordo”**

O/a mediador/a axuda ás partes a que verbalicen claramente cal é o acordo a que se chega e felicítalas polo acadado.

Este acordo queda recollido por escrito nun documento asinado que terá un carácter vinculante entre eles e cara ao centro no que se refire a aspectos disciplinarios.

Co obxecto de experimentar a mediación e sometela a análise por parte do grupo, propóñense diferentes situacións que poden ser dramatizadas no curso de formación.



**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL  
[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

Teléfono: 981352109  
E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

## **ANEXO IV: PREVENCIÓN ACOSO ESCOLAR**

### **QUE É O ACOSO ESCOLAR?**

O acoso escolar ou maltrato entre iguais (bullying = intimidación ~ mobbing = acoso psicolóxico) é unha situación continuada na que un/unha alumno/a é obxecto de maltrato psicolóxico ou relacional (burlas, illamento e exclusión social), verbal (insultos, ameazas) ou físico (golpes, malleiras, etc.) por parte doutros alumnos/as co fin de asustalo, sometelo e humillalo, facéndolle sentir dor, angustia e medo.

Un alumno/a é, polo tanto, vítima de acoso escolar cando:

- É agredido/a deliberadamente.

As condutas intimidatorias son habituais e permanentes.

- A relación entre agresor/a e agredido/a é de dominio–submisión.

Non existe, polo tanto, acoso escolar cando os comportamentos agresivos ou as malas relacións entre compañeiros e compañeiras obedecen a conflitos puntuais e o/a agredido/agredida non sofre maltrato de xeito prolongado.

### **OS PROTAGONISTAS**

#### **PERFIL DA PERSOA MALTRATADA**

A persoa maltratada responde normalmente ao seguinte perfil:

#### **1. Características físicas:**

- Na meirande parte das ocasións é ou aparenta ser máis débil que o maltratador/a.
- Pode chamar a atención pola súa aparencia (cor da pel, rasgos físicos, vestimenta, etc.) ou por algunha particularidade (obesidade, estatura, discapacidade, etc.).

#### **2. Características da súa personalidade:**

- Con frecuencia trátase dunha persoa máis ben tímida e insegura.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- Soe ter baixa a autoestima.
- Fronte a agresión manifesta ansiedade e angustia.
- Móstrase incapaz de defenderse.

**3. Características relacionais:**

- Mostra dificultade para contactar cos demais.
- Posúe pouco prestixio dentro do grupo-clase e, normalmente, é un elemento illado.
- A tensión en que se atopa a persoa acosada pode desencadear nela:
  - Dores de cabeza, barriga, etc.
  - Insomnio.
  - Baixo rendemento escolar.
  - Enfermidades nerviosas resultada da situación de “stress” que lle produce asistir a clase.

**CONSECUENCIAS**

Na persoa acosada poden quedar secuelas que afecten ás súas relacións sociais, como por exemplo:

- A. Baixa autoestima.
- B. Baixo rendemento escolar que pode levar ao fracaso nos estudos.
- C. Complexo de inferioridade.
- D. Excesiva timidez.
- E. Incapacidade para as relacións sociais.
- F. Desequilibrio emocional que pode desembocar nunha neurose ou psicose.
- G. Pode converterse ela mesma en maltratadora.

**PERFIL DA PERSOA MALTRATADORA**

A persoa maltratadora responde normalmente ao seguinte perfil:

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

1. **Características físicas:** Na meirande parte das ocasións é ou aparenta ser máis forte que a persoa maltratada.
  
2. **Características da súa personalidade:**
  - Con frecuencia trátase dunha persoa insegura que no seu fogar non encontra a atención e afecto que desexa.
  - Acostuma ser agresiva e con baixa tolerancia á frustración e baixo autocontrol dos seus impulsos.
  - Soe ter baixa autoestima.
  - Non manifesta sentimentos de culpa ou remordemento polas súas condutas.
  
3. **Características relacionais:**
  - É sociable e extrovertida.
  - A súa ansia de liderazgo, non sempre satisfeita, fai que busque impoñer a súa vontade pola forza.
  - Nas súas relacións co grupo destaca o seu comportamento prepotente.
  - Gusta de infrinxir as regras e de manter actitudes desafiante buscando o recoñecemento do grupo. É un/unha inadaptable/a escolar.
  - Carece de normas e está acostumado a facer o que lle peta.
  - Busca (e moitas veces o logra) a complicidade doutras persoas.

### **CONSECUENCIAS**

O feito de conseguir con demasiada frecuencia os seus fins e de obter rapidamente beneficios impoñendo á forza, violando as máis mínimas normas de convivencia e sendo agresivo nas súas relacións sociais, fai a esta persoa suxeito dunha aprendizaxe de tendencias antisociais que poden desembocar en:

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- Fracaso escolar.
- Condutas desaxustadas na aula e no centro.
- Condutas intimidatorias e agresivas presidindo as súas relacións sociais.
- Xeneralización do seu comportamento agresivo en todo tipo de relación social.
- Basear a convivencia na relación dominio/submisión.
- Condutas deleitosas.

### **COMO PREVER O MALTRATO**

Na obra publicada pola Xunta de Galicia (2005) “Maltrato entre iguais”, no apartado correspondente o material do profesorado, considérase que hai unha serie de aspectos que contribúen grandemente a prever as situacións de maltrato e sinálanse algúns deles.

### **Accións para poder prever o maltrato entre iguais**

- Establecer canles de comunicación eficaces entre alumnado e profesorado.
- Propiciar un clima de Convivencia na aula.
- Estimular a resolución pacífica de conflitos.
- Apoiar e dar confianza ao alumnado máis feble...
- Revisión constante da saúde socio afectivo do grupo.
- Fomentar unha boa relación interpersoal co alumnado: que noten o noso interese e preocupación polas cousas que lles ocorren.
- Actuando dexeito comprometido contra o maltrato.
- Falar na aula destes temas e analizalos co alumnado.
- Manter unha actitude de escoita e observación constante de detalles de condutas non desexables.
- Non permitir insultos, burlas, intimidacións...
- Intercambiar información co resto do profesorado.
- Formándose nesta temática de maltrato.
- Dotándose de recursos para traballar a diversidade na aula.

**COLEXIO "TIRSO DE MOLINA"**  
**MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- Establecer protocolos conxuntos de actuación co resto do equipo educativo.

### **COMO DETECTAR O MALTRATO**

Considérase que a observación dentro e fóra da aula pode ser un medio especialmente axeitado para descubrir actitudes de rexeitamento entre os membros do grupo.

Así mesmo, o intercambio de información entre os membros do equipo docente pode contribuir ao mesmo obxectivo.

### **A TÉCNICA DA OBSERVACIÓN**

O profesorado é, segundo todos os estudos realizados, o último colectivo ao que o alumnado vitimizado lle comunica o maltrato, o que non axuda á hora de poñer remedios. Normalmente, o maltrato entre iguais prodúcese sen que as persoas adultas máis próximas sexan conscientes del. Por iso cómpre unha actitude atenta e vixilante por parte do profesorado cara ás relacións que establece o alumnado entre si.

Instrumentos tan doados de utilizar como o sociograma, dan unha idea rápida do alumnado excluído da clase, así como dos grupos constituídos e das persoas líderes.

Pero, ademais, existe nunha serie de instrumentos e técnicas que axudan no diagnóstico da situación como Cuestionarios e Entrevistas persoais con diferentes alumnos e alumnas.

### **COMPARTIR A INFORMACIÓN**

Parece fundamental a necesidade de cohesión e comunicación entre o profesorado do centro. A actuación "todos a unha" é prioritaria na prevención do maltrato.

A existencia de protocolos ou guías de actuación contra o maltrato entre iguais reflectidos nos documentos institucionais do centro parece xa unha necesidade.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

As reunións do profesorado titor co departamento de orientación, as reunións de coordinación... son momentos de intercambio de información, de unificación de estratexias e de postas en común de recursos para abordar a prevención decasos de maltrato entre iguais.

Tamén é importante ter unha relación fluída coas familias do alumnado, con contactos periódicos establecidos previamente. Isto permitirá que ante calquera sospeita de agresións dos seus fillos e filias, o profesorado sexa informado rapidamente e poidan iniciarse as accións pertinentes.

### **COMO ACTUAR EN CASO DE MALTRATO**

Por último, dado que a súa orixe pode obedecer a múltiples causas, é importante a actuación coordinada de todos os membros da comunidade educativa: persoal do centro, familias e institucións.

Dentro da institución escolar, o traballo ao que fixemos alusión anteriormente, “Maltrato entre iguais”, distingue entre a actuación no centro e na aula.

### **NO CENTRO**

As actuacións no eido do centro deben estar recollidas nos documentos institucionais, planificadas e temporizadas dentro da actividade anual. A modo de resumo, recóllense as principais accións que cómpre desenvolver:

- ◆ A recollida no proxecto educativo de centro de todos os aspectos relacionados co tema da convivencia. Para este fin, deberiamos:
- ◆ Clarificar como se aborda nas relacións sociais no medio escolar.
- ◆ Conseguir información dos distintos estamentos da comunidade e educativa acerca do coñecemento do tema.
- ◆ Indagar que ocorre e como pode organizarse un plan de intervención.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- ◆ Valorar a perspectiva coa que se aborda a situación, se se fai desde un punto de vista punitivo ou desde unha perspectiva rehabilitadora. Considerar as variables contextuais como condicionantes de situacións de conflito.
- ◆ Introducción de temas de prevención da violencia nas programacións didácticas.
- ◆ A formación permanente e continua do profesorado na prevención, detección e intervención en conflitos, supón un paso previo a esta última. Os seminarios e grupos de traballo son fórmulas idóneas para este fin.
- ◆ Coordinación das intervencións educativas e sociais coas administracións competentes, así como as actuacións das familias no seu propio ámbito.
- ◆ Participación de todos os sectores da comunidade educativa na elaboración, aprobación e aplicación dos plans e proxectos de prevención.
- ◆ Organización de forma detallada supervisión e vixilancia no centro docente, nos seus diferentes espazos físicos.
- ◆ Establecemento de normas claras, consensuadas por toda a comunidade educativa, que sexan eficaces para regular a convivencia.
- ◆ Potenciación da acción titorial como un labor compartido, que lle compete non só ao titor ou titora, senón a todo o profesorado.
- ◆ Elaboración dun protocolo de intervención que permita que todo o persoal do centro coñeza o procedemento. Os pasos fundamentais que se deberían seguir ante un problema serían:
  - Saber, ante certos indicios, onde dirixir a información da que se dispón.
  - Que recursos e estratexias se empregarán para completar información, garantindo a confidencialidade.
  - Pautar a actuación segundo a gravidade dos casos, de maneira diferenciada.
  - Seguimento e avaliación das medidas tomadas, reflexión sobre estas e propostas de cambio.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

**NA AULA**

O tratamento curricular destes temas na aula debe facerse con toda a súa complexidade, incluíndo contidos conceptuais, de procedemento e de actitudes. Non debe abordarse só a aprendizaxe de contido informativo, senón que debe darse grande importancia á aprendizaxe de técnicas e procedementos que melloren as relacións entre o alumnado e a adopción de actitudes positivas cara aos demais.

Estratexias metodolóxicas e didácticas para abordar o tratamento desta problemática:

- ◆ Fomentar unha boa relación interpersonal co alumnado. Que note o noso interese e preocupación polas cousas que lle ocorren.
- ◆ Actitude belixerante contra o maltrato: falar destes temas na aula, analízalos co alumnado, manter unha actitude de escoita e observación constante de condutas non desexables (non permitir insultos, burlas, intimidacións...).
- ◆ Intercambiar información co resto do profesorado.
- ◆ Formarse nesta temática.
- ◆ Dotarse de recursos para traballar a diversidade na aula.
- ◆ Dar un tratamento transversal dentro dos contidos curriculares das áreas aos temas de prevención da violencia e do maltrato entre iguais.
- ◆ Potenciar o desenvolvemento de habilidades individuais e sociais que melloren as relacións.
- ◆ Axudar ao alumnado para que:
  - Atope solución propias.
  - Analice cada unha das solucións, anticipe consecuencia se vexa cal é a máis axeitada.
  - Saiba relacionar as causas co as posibles solucións.
  - Se dea de conta de que un mesmo conflito pode ter máis dunha solución, segundo as circunstancias e as persoas implicadas.
  - Valore as solucións adoptadas como xustas.



**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- Colabore no establecemento de normas e regras eficaces e mecanismos que sirvan para que as normas acordadas se cumpran.
- ◆ Adoptar, preferentemente, unha metodoloxía didáctica cooperativa e participativa.
- ◆ Potenciar a ensinanza de valores como a tolerancia, o respecto á diversidade, á diferenza de xénero e á dignidade humana.
- ◆ Procurar que o alumnado, sen excepcións, participe na resolución de cada conflito, animándoo a intervir e favorecendo a intervención de "mediadores".
- ◆ Ter como obxectivo non só a resolución dun conflito concreto, se non a aprendizaxe da súa resolución, o que require implicación cognitiva e afectiva.
- ◆ Propiciar momentos no horario para a realización de actividades que dean continuidade ao traballo de prevención.
- ◆ Non esperar que todos os conflitos se solucionen ben desde o principio. Hai que aprender dos erros, ter paciencia e analizar porque se producen.
- ◆ Manter unha actitude de escoita atenta e de compromiso co as situacións que se produzan.

**COLEXIO“TIRSO DE MOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

## **ANEXO V: NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA COLEXIO TIRSO DE MOLINA - FERROL**

As normas de convivencia garanten o cumprimento do Plan de Convivencia, incluído no noso Proxecto Educativo; son normas públicas que esixen o coñecemento delas por parte de todos os membros da comunidade educativa.

### **DEREITOS DOS ALUMNOS/AS**

Os alumnos/as teñen DEREITO a:

- a) RECIBIR UNHA FORMACIÓN INTEGRAL E COEDUCATIVA que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) Ser respectados/as na súa LIBERDADE DE CONCIENCIA, así como nas súas conviccións relixiosas e morais.
- c) Ter as MESMAS OPORTUNIDADES de acceso aos distintos niveis de ensino, evitando todo tipo de discriminación e establecendo, por parte do centro, medidas compensatorias que garanten a igualdade real e efectiva de oportunidades.
- d) Ser valorados no seu rendemento escolar segundo CRITERIOS PÚBLICOS E OBXECTIVOS.
- e) RECIBIR ORIENTACIÓN escolar e profesional.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- f) RECIBIR A INFORMACIÓN que lles permita optar a posibles axudas compensatorias de carencias de tipo familiar, económico e sociocultural, así como de protección social nos casos de accidente ou infortunio familiar.
- g) Realizar a súa actividade nas DEBIDAS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE E HIXIENE.
- h) Ser respectados na súa INTEGRIDADE FÍSICA E MORAL, na súa identidade e dignidade persoal e, en particular, nas situacións de ACOSO ESCOLAR.
- i) Ser respectados na súa INTIMIDADE no tratamento dos datos persoais de que dispon o Centro que, pola súa natureza, sexan confidenciais.
- j) PARTTICIPAR no funcionamento e na vida do Centro, elixindo aos seus presentantes, asociándose ou informándose a través dos delegados/as ou representantes das asociacións de alumnos/as.
- k) MANIFESTAR A SÚA DISCREPANCIA respecto ás decisións educativas que lles afecten.
- l) REUNIRSE no centro para actividades de carácter escolar e extraescolar.
- m) EMPREGAR AS INSTALACIÓNS do centro, segundo as actividades escolares ou extraescolares programadas.
- n) Participar en calidade de VOLUNTARIOS nas actividades do centro.
- o) A ASISTENCIA MÉDICA E HOSPITALARIA, nos termos da lexislación vixente.
- p) CONTINUAR A SÚA RELACIÓN CO CENTRO unha vez rematados os seus estudos no mesmo.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

q) PARTICIPAR na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

### **DEBERES DOS ALUMNOS/AS**

Os alumnos/as están obrigados a:

a) Observar unha ACTITUDE RESPONSABLE nos seus traballos de estudantes.

b) ESFORZARSE por superar os niveis mínimos de rendemento académico.

c) ADQUIRIR OS HÁBITOS INTELLECTUAIS E DE TRABALLO por mor da súa capacitación para a continuidade nos seus estudos e a posterior actividade profesional.

d) Adquirir os hábitos que lles fagan RECOÑECER, RESPECTAR E APRECIAR os valores dos dereitos fundamentais da persoa e da convivencia.

e) CUMPRIR O HORARIO E CALENDARIO ESCOLAR, asistindo a clase con PUNTUALIDADE E

CO MATERIAL PRECISO e participando nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.

f) SEGUER AS ORIENTACIÓNS DO PROFESORADO respecto da súa educación e aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

g) Respetar o exercicio do DEREITO AO ESTUDO dos seus compañeiros.

h) RESPECTAR A LIBERDADE DE CONCIENCIA e as conviccións relixiosas e morais, así como a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

i) NON DISCRIMINAR a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.

j) RESPECTAR E ACEPTAR o Carácter Propio do Centro e o seu Proxecto Educativo.

k) COIDAR E UTILIZAR CORRECTAMENTE OS BENS mobles e instalacións do centro e RESPECTAR AS PERTENZAS dos demais membros da comunidade educativa.

l) PARTICIPAR na vida e funcionamento do centro, segundo os termos regulados no presente Regulamento.

m) COLABORAR na mellora da convivencia escolar e na consecución dun axeitado clima de estudo.

n) RESPECTAR as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.

## **VALOR DA CONVIVENCIA**

A axeitada convivencia no Centro é unha condición indispensable para a progresiva maduración dos distintos membros da Comunidade Educativa –en especial dos alumnos/as- e daquela no seu conxunto, para a consecución dos obxectivos do Carácter Propio e do Proxecto Educativo do Centro.

A axeitada convivencia ten como obxectivos:

- Acadar un ambiente de traballo e estudo na aula.
- Respetar e potenciar a actitude do alumno/a que quere aprender e estudar no noso Colexio.
- Correxir a actitude dos alumnos que alteran a convivencia do Centro e a relación normal cos membros da Comunidade Educativa e que, por acción ou omisión, vulneran as normas de convivencia establecidas no Regulamento de Réxime Interior.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

## **CRITERIOS DE CORRECCIÓN**

Na corrección dos alumnos/as que alteren a convivencia teran se encontra os seguintes criterios:

- A valoración educativa da alteración.
- O carácter educativo e recuperador, non meramente sancionador, da corrección.
- A proporcionalidade da corrección.
- A forma na que a alteración afecta aos obxectivos fundamentais do Proxecto Educativo.
- A intimidade, honra ou reputación do alumno/a. En ningún caso o procedemento de corrección poderá afectar ao dereito á integridade,

## **CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

Poden ser:

- 1. CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.**
- 2. CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.**

- 1. CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.**

Considéranse **CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS** para a convivencia no centro:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesor e á do persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A grabación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes, vídeos, sons ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. Entodo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos cando se é requerido para iso polo profesorado (condición de autoridade pública do profesorado).

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

## **2. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensas:

1) Os actos de discriminación.

2) Os actos de indisciplina.

3) Os danos.

4) Os actos inxustificadas da línea e as actuacións prexudiciais descritas na línea do apartado anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa j) do apartado anterior.

c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, segundo o establecido nas normas de convivencia do centro.

d) A reiterada asistencia a o centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas tipificadas como tales nas normas de convivencia do centro.



**COLEXIO“TIRSO DE MOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

**PRESCRICIÓN DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescripción comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescripción non se empezará a computar mentres aquela non cese.
3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado/a, do procedemento para a corrección da conduta, e continuara se o cómputo do prazo de prescripción para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

**NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA COLEXIO TIRSO DE MOLINA. PRINCIPIOS XERAIS DAS MEDIDAS CORRECTORAS**

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.
2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:
  - a. Ningún alumno/a poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401–FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

nesta sección que supoñen a suspensión de asistencia ás clases ou o cambio de centro.

- b. Non se poderán imponer correccións contrarias á integridade física e a dignidade persoal do alumnado.
- c. A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- d. Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras/es ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

### **GRADACIÓN DAS CORRECCIÓNS**

Aos efectos da gradación das correccións:

1. Son circunstancias paliativas:

- a. O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b. A falta de intencionalidade.
- c. Observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.

2. Son circunstancias acentuantes:

- a. A premeditación e a reiteración.
- b. Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros/as de menor idade ou aos recén chegados ao centro.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

c. Calquera acto que entrañe ou fomente a violencia, a discriminación, o racismo, a xenofobia e o menoscabo dos principios do Carácter Propio do Centro.

d. A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

e. As situación de acoso escolar e ciberacoso.

**PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS**

1. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación do centro elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

3. Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

RúaArces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail:[secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

**PROCEDEMENTOS CONCILIADORES DE RESOLUCIÓN DOS CONFLICTOS**

1. Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliador para a resolución dos conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.
2. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.
3. No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.
4. O procedemento formalizado será determinado polo centro, coa aprobación do consello escolar, e figurará no Regulamento de Réxime Interno.

**MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA**

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

**MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### **PRESCRICIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS**

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes previstas nesta sección prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

### **PROCEDIMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA**

1. As medidas correctoras de conductas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden imponer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste apartado.

2. Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou do titor/a do alumno/ a ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

equivalentes nos centros concertados, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

4. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo do alumno/a ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

5. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia ao alumno/a e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais.

6. Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta do alumno/a e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos.

7. A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

8. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na línea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**PROCEDIMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levará a cabo:

a. O profesorado do alumno/a, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas nas líneas a), b) e c) do apartado correspondente.

b. O titor/a do alumno/a, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas líneas a), b), c) e d) do apartado correspondente.

c. A persoa que ocupe na xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a, no caso das medidas previstas nas líneas a), c), d), e) e f) do apartado correspondente.

d. A persoa titular da dirección do centro, oídos o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a, no caso das medidas previstas nas líneas g) e h) do apartado correspondente. A



**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.

2. As resolucións que imponen as medidas correctoras ás que se refire este apartado poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

### **ASISTENCIA A CLASE E PUNTUALIDADE**

- A. Considérase falta de asistencia a ausencia a cada unha das clases da xornada escolar e os retrasos superiores a quince minutos.
- B. Os xustificantes por faltas de asistencia presentaranse por escrito ao titor/a previamente, se é posible, ou nun período máximo de tres días desde que produciuse a falta.
- C. Os titores/as, e cada un dos profesores/as, extremarán a observación diaria de faltas e xustificacións para actuar o máis pronto posible.
- D. A ausencia reiterada provoca a imposibilidade de aplicación dos criterios xerais de avaliación e da propia avaliación continua.
- E. Pasados cinco minutos desde o horario previsto para o inicio da clase considérase falta de puntualidade.
- F. En caso de ausencia a un exame o profesorado non está obrigado a repetilo agás no caso de que este sexa decisivo para a avaliación do alumnado, e a falta de asistencia sexa debida a causas de forza maior: enfermidade, morte dun familiar, ...

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

- G. Non se pode faltar a clase antes dun exame para estudalo.
- H. No ensino postobligatorio cando o número de faltas inxustificadas supere o 10% das horas lectivas do curso, ou ben se o número de faltas xustificadas supera o 20%, o alumno/a perderá o dereito á avaliación continua e será avaliado/a atendendo ao mecanismo que, a tal efecto, figure na programación da materia.

No ensino obrigatorio o número de faltas de asistencia non xustificadas trimestralmente que darán lugar a un apercibimento escrito serán de:

- \* Catro faltas a materias de dúas sesións semanais.
- \* Seis faltas a materias de tres sesións semanais.
- \* Oito faltas a materias de catro sesións semanais.
- \* Vinte faltas entre todas as materias.

- I. O alumnado con tres apercibimentos por faltas de asistencia a clase nunha materia non poderá ser avaliado cos criterios xerais de avaliación establecidos nin mediante unha avaliación continua. Deberá avaliarse o seu rendemento mediante unha proba extraordinaria que realizará no mes de xuño.
- J. Cada falta de asistencia non xustificada será considerada unha conduta leve contraria á convivencia.
- K. Tres faltas sin xustificadas de puntualidade ao mes serán consideradas tamén como conduta leve contraria á convivencia.
- L. Tendo en conta que o número medio de horas lectivas por curso é de 1.080, perderá o dereito á avaliación continua o alumnado que teña 108 horas de faltas inxustificadas ou 216 de faltas xustificadas. En caso de faltas inxustificadas farase un primeiro apercibimento á familia ao 40% das faltas (43 horas), o segundo ao 70% (76 horas) e o terceiro cando o alumno falte 108 horas. En caso de faltas xustificadas o primeiro apercibimento farase ás 86 horas, o segundo

**COLEXIO“TIRSO DEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

ás 152 e o terceiro cando o alumno acumule 216 horas de faltas de asistencia, aínda que estean xustificadas.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

**UNIFORMIDADE E VESTIMENTA**

1. En E.I e E.P. uso obrigatorio do uniforme escolar todos os días. Nos días cos alumnos/as teñan clase de Educación Física poderán asistir á o colexio coa roupa deportiva oficial (chándal ou conxunto de verán).
2. En E.S.O. nas clases de Educación Física será recomendable o uso da roupa oficial do colexio.
3. Non está permitido o uso de prendas que cubran a cabeza dos alumnos/as en todo o recinto escolar.
4. A vestimenta e o xeito de presentarse do alumnado non atentará contra a estética, a hixiene persoal e o decoro.
5. O incumprimento da norma unha vez será tipificada como conduta leve contraria á convivencia.
6. O incumprimento da norma máis de tres veces considerárase conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

**ACTITUDES NEGATIVAS NA CLASE**

Se no transcurso da clase uno u máis alumnos/as manifestan actitudes negativas, como son:

1. Non deixar dar clase ao profesor/a por charla continuada.
2. Molestar ou menospreciar aos compañeiros/as con palabras ou xestos.
3. Comer ou beber en clase sen prescrición médica ou consentimento do titor/a.
4. Non coidar o aspecto e a debida hixiene persoal.
5. É necesario ducharse despois da clase de Educación Física.
6. Procurar non vir con prendas deportivas.
7. Non respectar as pertenzas dos demais.
8. Non traer o material escolar requerido para o desenvolvemento da clase.

Todas estas actitudes negativas serán anotadas polo profesor/a como unha incidencia no Abalar (programa oficial da Consellería de Educación) e comunicada inmediatamente a Xefatura de Estudos do Centro e a nai e/ou pai ou tutores legais dos alumnos/as (o profesor/a tamén informará por teléfono aos pais/nais ou tutores/as desta comunicación). A Xefatura de Estudos levará conta destas incidencias.

Se o alumno/a reincide na súa actitude despois de cumprirla sanción correspondente, se tomarán outras medidas disciplinarias a determinar polo Equipo Directivo.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

### **USO DOS DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS**

Queda prohibido o uso de calquera dispositivo electrónico (móvil ou calquera Smartphone, tabletas, computadores, reloxos intelixentes, ..... ) nas clases e no recinto escolar (campo de deportes, servizos, pavillón, corredores, ...) xa que perturba o desenvolvemento da actividade lectiva.

Na realización de probas escritas ou exames queda terminantemente prohibida a tenencia, por parte do alumno/a, dun smartphone, tableta, reloxo con almacenamento interno, calculadora programable ou calquera dispositivo de reprodución multimedia. A observación por parte do profesor/a da posesión de calquera destes dispositivos polo alumno/a, conlevará a retirada e anulación inmediata da proba escrita e a conseguinte sanción disciplinaria.

O Colexio non se fai responsable da desaparición de ningún dispositivo móvil (teléfono, reprodutor de audio ou vídeo,...) xa que non se permite a súa utilización no centro.

O alumno/a está obrigado a entregar o dispositivo electrónico a requirimento do profesorado.

Considérase conduta leve contraria á convivencia o uso de dispositivos e....:

- A 1ª e 2ª vez, corríxírase coa retirada do móbil durante toda a xornada lectiva do día e a recollida do mesmo pola familia o finalizar a mesma.
- A partir da 3ª vez, considerarase conduta gravemente prexudicial para a convivencia no centro.

### **FALSIFICACIÓN**

A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou subtracción de documentos académicos supón unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

**PELEXAS**

1. A agresión física ou moral ou a discriminación non graves (insultos, empurróns,...) considéranse condutas leves contrarias á convivencia.
2. A agresión física ou morale a discriminación graves serán consideradas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
3. Estas condutas serán consideradas faltas non sócando teñan lugar no colexio, senón tamén no seu contorno.

**DROGAS**

1. Alteran a convivencia as actuacións prexudiciais para a saúde, a integración persoal e a moralidade dos membros da Comunidade Educativa.
2. Considérase conduta gravemente prexudicial para a convivencia fumar ou beber alcohol dentro do recinto escolar.
3. Considérase conduta gravemente prexudicial para a convivencia o consumo de calquera tipo de droga dentro do recinto escolar.
4. Considérase conduta moi gravemente prexudicial para a convivencia o trapicheo con droga no centro ou no seu contorno.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

## **USO DAS INSTALACIÓNS**

O dano menos grave producido nas instalacións do Centro ou nas instalacións das institucións que se relacionan co mesmo, será considerado conduta leve contraria á convivencia. Se sancionará coa realización de tarefas dirixidas a reparar o dano. Se o dano nas instalacións fora grave, será considerada como conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

## **USO DA AULA DE INFORMÁTICA**

1. O alumnado sempre debe estar acompañado polo profesor/a.
2. Antes de comezar a clase o profesor comprobará o estado dos equipos (se falta algún rato, alguna tecla do teclado, se está pintado o teclado ou raiado o monitor,...) e coñecerá a ubicación dos seus alumnos/as nos diferentes ordenadores. Ao rematar a clase revisará novamente os equipos e se hai algunha incidencia a comunicará de inmediato ao responsable TRIC, indicando a incidencia no equipo e o alumno/a responsable.
3. O alumno/a responsable do destrozo o subtracción do hardware dos equipos informáticos terá que pagar o importe que corresponda ao seu arranxo ou reposición, ademais da medida sancionadora que lle corresponda.
4. Para instalar calquera programa débese informar ao responsable TRIC.
5. Non se utilizará a aula de Informática durante as horas de garda, salvo que o profesor/a de garda imparta clase no grupo e aproveite a hora para desenvolver a súa programación ou este a desenvolver unha actividade indicada polo profesor a quen substitue.



**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401–FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

## **USO DO MATERIAL**

1. O dano menos grave producido polo uso indebido ou intencionado no material e documentos do Centro, nos bens doutros membros da comunidade educativa o unas pertenzas ou instalación das persoas e institucións que se relacionan co Centro, será considerada unha conduta leve contraria á convivencia. Se sancionará coa realización de tarefas dirixidas a reparar o dano e/ou a pagar o importe que corresponda ao seu arranxo ou reposición.
2. Se o dano causado no material ou pertenzas fora grave, será considerada como conduta gravemente prexudicial para a convivencia e tamén terá que pagar o importe do seu arranxo ou reposición.

## **ROUBO**

A subtracción de material ou pertenzas do Centro, dos membros da Comunidade Educativa ou das persoas e institucións que se relacionan co mesmo, será considerada conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

**OUTRAS NORMAS BÁSICAS A TER EN CONTA**

1. Nos intercambios de clase está prohibido estar nos corredores. A reiteración da presenza nos corredores dun alumno/a será considerada conduta leve contraria á convivencia.
2. Non se pode ir nos intercambios de clase aos servizos.
3. Para os alumnos/as da ESO e de Educación Infantil e Primaria o lugar de recreo é o Campo de Deportes; está prohibido saír do mesmo, así como facelo para ir comprar bocadillos, etc.
4. Os alumnos/as non se poden quedar na clase durante o recreo sen permiso expreso do Xefe de Estudos.
5. O alumnado responderá polo uso, a orde e a limpeza da aula. Ao remate da xornada escolar tanto os pupitres como o solo da aula deberán quedar limpos.
6. En ausencia dun profesor/a a unha actividade lectiva o alumnado permanecerá na aula á espera do profesor/a de garda.
7. Nos intercambios de clase queda prohibido baixar ou permanecer na rúa, aproveitando este momento para comprar larpeiradas, fumar ou charlar con outros compañeiros. Será considerada unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
8. Deberase cumprir co horario persoal, asistindo con puntualidade ás clases e ás reunións establecidas na dinámica do centro educativo (sesións de avaliación, Claustros, reunión de profesores, de Departamentos, ...). Nas clases da ESO e

Bacharelato o profesor/a debe estar, polo menos, cinco minutos antes do comezo das clases das 8:30, 10:30, 12:30 e 16:20 hs., esperando e recibindo aos alumnos. A subida do recreo dos alumnos/as da ESO será ás 10:27-12:27 hs.

9. Xustificaranse as ausencias debidamente e con tempo para organizar as gardas, deixando traballo proposto para os alumnos/as. Avisar á Dirección de inmediato no momento da concesión dunha baixa. No caso de imprevistos darase información ao Centro o antes posible.
10. Entregaranse as programacións didácticas, e memorias de fin decurso no prazo establecido. Así mesmo cumprimentarase todos os apartados consignados no PROENS.
11. Cumprimentarase a documentación oficial con respecto aos alumnos/as.
12. Garantirase o dereito á aprendizaxe do alumnado tanto na súa vertente formativa como propedéutica.
13. Preparar as clases, renovar a metodoloxía, empregar as pizarras dixitais dispoñibles nas aulas, asistir a cursos de formación, amosar os exames corrixidos aos alumnos/as, relizar a avaliación previa dos alumnos/as, secuenciar ben os contidos do curso para dar toda a programación (amosando especial coidado no 2º de bacharelato).

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

RúaArces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail:[secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

14. No caso de ausencia a un exame o profesorado non está obrigado a repetilo, agás no caso de que este sexa decisivo para a avaliación do alumnado, e a falta de asistencia sexa debida a causas de forza maior: enfermidade, morte dun familiar, etc.; en todo caso, a falta debe estar debidamente xustificada. En ningún caso poderá realizarse fóra dos prazos legais.
15. O titor/a será o encargado/a de controlar as faltas de asistencia e puntualidade rexistradas cada día e comunicará ás familias de inmediato as ausencias ou retrasos non xustificadas. No caso de concurrir circunstancias especiais (non sustificación recorrente da faltas, número moi elevado de faltas sen sustificar,.....) comunicarse inmediatamente a Xefatura de Estudos.
16. Realizaranse as tarefas asignadas nas gardas ordinarias. O profesor/a, en calquera caso, debe permanecer no Centro na súa hora de garda, a disposición do Xefe de Estudos. Tamen permanecerá a disposición da Xefatura o resto da súa xornada laboral para cubrilas necesidades educativas do centro.
17. O profesorado que non participe nunha saída didáctica atenderá, cumprindo o seu horario, ao alumnado que non participe na actividade e se atope no centro educativo. O profesorado que dea clase ao grupo que participa na saída e non teña alumnado porase a disposición do equipo directivo.
18. O profesor/a está obrigado a poñerse en contacto cos tutores/as dos alumnos/as que teñan materias pendentes e informalos, seguindo as directrices do departamento didáctico, do procedemento a seguir para superar a materia pendente segundo o establecido na lexislación vixente.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

19. O profesorado debe colaborar na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe e conduta, informando ao Departamento de Orientación, para que se adopten as medidas de atención á diversidade oportunas.
20. O profesor/a non debe saír antes do remate da clase, deixando os alumnos/as sen vixilancia. Tamén vixiará os corredores onde se atope.
21. O profesorado, ao rematar as clases que coincidan antes do recreo, ou ao rematara xornada lectiva pola mañá e pola tarde, debe ser o último en saír, pechando a aula. Tamén pechará a aula cando os alumnos/as non queden na clase a continuación.
22. O profesorado debe garantir o cumprimento das normas de convivencia na aula e en todas as actividades e espazos do centro educativo. Para conseguilo o profesorado, e especialmente o titor/a, deberá informar aos alumnos/as das normas de convivencia que rexen no Colexio.
23. O profesorado debe coñecer as normas do Centro, cumprilas e facelas cumprir.
24. O profesorado debe manter contactos periódicos e sistemáticos cos pais/nais/titores legais do alumnado implicando ás familias nas actividades de aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
25. O titor/a informará ás familias do aproveitamento realizado polo alumnado nas distintas áreas e materias que conforman o currículo, así como da integración na aula, ou calquera outro aspecto que poda influír na súa traxectoria escolar e adaptación ao centro educativo.

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

Rúa Arces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail: [secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)

26. O profesor/a recibirá a visita dos pais/nais/titores legais, previa cita, nas horas de atención establecidas no seu horario (unha hora pola mañá e outra pola tarde, para facilitar as entrevistas coas familias).

## **ANEXO VI: NORMATIVA PARA A CONTINUIDADE DE ALUMNOS/AS DE 4º DE ESO EN BACHILLERATO**

Cando concurra un ou varios dos supostos seguintes, a Dirección do Centro, previo informe do equipo docente de profesores, valorará a continuidade do alumno/a no centro educativo para cursar Bacharelato.

1. Haber incurrido durante a etapa da ESO en faltas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro.
2. Non respetalo ideario propio do centro.
3. Superar o 10% en faltas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas en 4º de ESO.
4. Promocionar e/ou titular con asignaturas suspensas durante toda a etapa.
5. Que o consello orientador e o equipo docente determine que non debe cursar BACHARELATO por no cumprir o perfil de saída adecuado

**COLEXIO“TIRSODEMOLINA”  
MERCEDARIOS**

RúaArces/n15401-FERROL

Teléfono: 981352109

[www.tirsoferrol.org](http://www.tirsoferrol.org)

E-mail:[secretaria@tirsoferrol.com](mailto:secretaria@tirsoferrol.com)